



LE CONSEGUENZE DELL'AMORE

Italia, 2004 | 100 min | Drama

DIRECTOR Paolo Sorrentino

GUIÓN Paolo Sorrentino

MÚSICA Pascuale Catalano

FOTOGRAFÍA Luca Bigazzi

INTÉRPRETES Toni Servillo, Olivia Magnani, Adriano Giannini, Antonio Ballerio, Gianna Paola Scaffidi, Nino D'Agata

SINOPSE Todos temos algún segredo, pero Titta Di Girolamo ten máis dun. Se non, por que querría un home de cincuenta anos vivir oito no cuarto dun hotel? Oito anos sen traballar, fumando en silencio, sentado no vestíbulo ou no bar do hotel, ben vestido pero sen grandes luxos. Unha atroz rutina, á espera eterna de que ocorra algo. Pero, que é o que ten que pasar? Titta ve pasar a vida sen expresar ningún sentimento ou emoción. Non ten a ninguén. Está só. É un home perdido por mor da contemplación de algo escondido, pero que é?, por que o contempla?, cales son os segredos inconfesables de Titta? A irrupción dunha muller contribúe a desvelar o que ocultou durante longo tempo.

Na súa segunda longametraxe, Paolo Sorrentino bríndalle ao espectador unha película absorbente que comeza silenciosa, dá un xiro e acaba por nos deixar mudos.

A Titta Di Girolamo, personaxe principal de *As consecuencias do amor*, interésalle moi pouco a realidade. Apenas fala e, desde hai oito anos, ocupa un impersonal cuarto de hotel. Diariamente, xoga consigo mesmo ao xadrez, toma notas nun caderno e dedícalle as horas mortas a contemplar prudentemente os fenómenos do mundo. O espectáculo non lle é indiferente: unha carroza fúnebre desprázase sen cortexo, un home crúzase cunha moza e golpéase cun farol, unhas enormes grúas móvense baixo un fermosísimo crepúsculo... Elementos que parecen alleos á acción, pero que moi pronto descubriremos de que xeito prefiguran o desenvolvemento dun filme que, cun arranque misterioso, case de tardío cine mudo, pouco a pouco, vai permitindo que o seu silencio se encha de palabras. É entón cando a narración hermética se ilumina e pasamos da inacción psicolóxica á violencia de xénero. Poderíamos lamentalo, pois solucionouse ese intre máxico en que debemos adiviñar o contido daquilo que non se di. Non obstante, ese xiro narrativo, máis mecánico e menos expresivo, regálanos a mellor secuencia do filme: aquela na que Titta, ese cidadán gris que non parece pertencer á sociedade, debe definirse. E, tristemente, comprobamos que só necesita conxugar uns poucos verbos e algún predicado. Viámolo na secuencia dos títulos de crédito: ese punto que se aproxima lentamente e revela que, neste mundo, apenas somos sombra: unha leve presenza e unha pequena equipaxe.


DE MUSSOLINI A BERLUSCONI: COMA UN XOGO DE MÁSCARAS

CICLO DE CINE ITALIANO

SINOPSIS Todos tenemos algún secreto, pero Titta Di Girolamo tiene más de uno. Si no ¿por qué querría un hombre de cincuenta años vivir ocho en la habitación de un hotel? Ocho años sin trabajar, fumando en silencio, sentado en el vestíbulo o en el bar del hotel, bien vestido pero sin grandes lujos. Una atroz rutina, esperando eternamente a que ocurra algo. Pero ¿qué es lo que tiene que pasar? Titta ve pasar la vida sin expresar ningún sentimiento o emoción. No tiene a nadie. Está solo. Es un hombre perdido a causa de la contemplación de algo escondido, pero ¿qué es? ¿Por qué lo contempla? ¿Cuáles son los secretos inconfesables de Titta? La irrupción de una mujer contribuye a desvelar lo que ha ocultado durante largo tiempo.

En su segundo largometraje, Paolo Sorrentino brinda al espectador una película absorbente que empieza silenciosa, da un giro y acaba dejándonos mudos.

A Titta Di Girolamo, personaje principal de *Las consecuencias del amor*, le interesa muy poco la realidad. Apenas habla, y, desde hace ocho años, ocupa una impersonal habitación de hotel. Diariamente, juega consigo mismo al ajedrez, toma notas en un cuadernillo y dedica las horas muertas a contemplar prudentemente los fenómenos del mundo. El espectáculo no le es indiferente: una carroza fúnebre se desplaza sin cortejo, un hombre se cruza con una joven y se golpea con una farola, unas enormes grúas se mueven bajo un bellissimo crepúsculo... Elementos que parecen ajenos a la acción, pero que, muy pronto, descubriremos de qué modo prefiguran el desarrollo de un filme que, teniendo un arranque misterioso, casi de tardío cine mudo, poco a poco, va permitiendo que su silencio se llene de palabras. Es entonces, cuando la narración hermética se ilumina y pasamos de la inacción psicológica a la violencia de género. Podríamos lamentarlo, pues se ha zanjado ese instante mágico en que debemos adivinar el contenido de aquello que no se dice. Sin embargo, ese giro narrativo, más mecánico y menos expresivo, nos regala la mejor secuencia del filme: aquella en la que Titta, ese ciudadano gris que no parece pertenecer a la sociedad, debe definirse. Y, tristemente, comprobamos que solo necesita conjugar unos pocos verbos y algún predicado. Lo veíamos en la secuencia de los títulos de crédito: ese punto que se aproxima lentamente y revela que, en este mundo, apenas somos sombra: una leve presencia y un pequeño equipaje.



Daniel Gascó